



## **EU VIÑA TRABALLAR CON ILUSIÓN... ISO XA NON O SINTO, ESTOU AMARGADO**

Presión comercial desmesurada, dispoñibilidade indiscriminada, formación obrigatoria, imposibilidade para conciliar vida persoal, laboral e profesional...

# MARCAMOS A DIFERENZA

A desmesurada presión comercial é unha das principais causas da **prolongación de xornada**, e por iso imos **combatela desde a acción sindical, a negociación colectiva e xudicialmente**.

Campañas de denuncia, Tribunal de Xustiza da UE, proposición de lei para modificar o Estatuto dos Traballadores, denuncias á Inspección de Traballo, propostas para defender o dereito á desconexión...

Imos **loitar contra a dispoñibilidade indiscriminada que se fai do noso tempo**, que impide que conciliemos a nosa vida laboral coa persoal e a familiar.

A **formación obrigatoria** réstalle máis tempo á nosa vida. Por iso imos **esixir a participación sindical na planificación da formación**, para racionalizar tanto a cantidade de cursos como os momentos en que estes deban realizarse.

